

III.1. EIXE 1: COHESIÓN SOCIAL, BENESTAR E CALIDADE DE VIDA


Dentro do Eixe I, agrúpanse as políticas de gasto destinadas a garantir o Estado do benestar, e a cohesión social; agrupando os gastos derivados dos servizos públicos básicos como son a educación, a sanidade e a atención aos dependentes.

O contexto no que se enmarca a aplicación destas políticas, así como os servizos públicos esenciais é preocupante, así temos unha batería de indicadores de contexto demográfico, con proxeccións a curto prazo, que evidencian a necesidade de priorizar o gasto social para garantir o actual nivel de servizos.

Neste eixe aséntanse as prestacións de servizos esenciais para garantir o benestar social, a igualdade de acceso aos servizos públicos básicos de calidade na sanidade, na educación e na atención á dependencia, á vez que constitúen a salvagarda, en última instancia, dun modelo social avanzado, estable e produtivo.



Por outra parte, unha sanidade e unha educación de calidade, xunto coa promoción da cultura, o acceso á vivenda e as políticas de inclusión e revitalización demográfica crean unha base obxectiva para converter a Galicia nun lugar atractivo e superar os problemas demográficos.

A proxección ao 2014 das variables demográficas reflicten un crecemento vexetativo, diferenza entre nacementos e falecementos, negativo de 10.377 persoas.




Por outra banda se analizamos a estrutura da poboación, centrándonos nos maiores de 65 anos, atopamos que o índice de envellecemento se manterá estable no período 2012-2015, mentres que o índice de sobreenvellecemento que mide a razón entre as

persoas maiores de 85 anos, respecto das maiores de 65 se incrementa.




○ que se amosa claramente nos indicadores de envellecemento da poboación é o grave desequilibrio territorial entre as provincias de A Coruña e Pontevedra, respecto das de Lugo e Ourense, nas que este índice acadas máis elevadas.

Un elemento que vai a condicionar no futuro próximo a aplicación das políticas sociais e de benestar, e que mide de forma sintética o grao de persoas en situación de recibir as prestacións destas políticas, é o índice de dependencia, que mide a relación entre a poboación de 0 a 14 anos e de máis de 64, respecto dos maiores de 14 e menores de 65.




Este incremento de 2,5 puntos do índice ven derivado, como temos comentado, do incremento da poboación maior de 65 anos e principalmente das persoas maiores de 85, xunto coa diminución dos nacementos.

Neste sentido a aplicación das políticas demográficas orientadas a fomentar a natalidade, inciden na necesidade de garantir infraestruturas sociais destinadas ao coidado dos menores, e que permitan facer efectiva a conciliación da vida laboral e familiar; o indicador representativo é a taxa neta de escolaridade de 0 a 2 anos.




Porén a escolaridade aos 3 anos xa rolda o importe do 100% situándose no 99,6%, o que significa a capacidade de dar cobertura nos centros de ensino aos nenos a partir desta idade.



Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas¹.


A prestación sanitaria en Galicia dispénsase en dous ámbitos, por unha banda a atención primaria que persegue a atención inmediata, próxima e de seguimento da saúde dos cidadáns; e por outra a atención especializada, que está orientada a atender as patoloxías máis graves da saúde.

Os centros nos que se dispensa a atención sanitaria son un total de 544 centros en 2009, dos que 483 están destinados á atención primaria e 61 á especializada.





¹ Os datos relativos á prestación sanitaria proceden das últimas estatísticas publicadas polo Instituto Galego de Estatística, e aos últimos datos de xestión ofrecidos pola Xerencia do SERGAS

No que aos medios persoais se refire, o SERGAS conta cun cadro de persoal, segundo os últimos datos facilitados pola xerencia, de 31.797 profesionais, que pon de manifesto un incremento dende o 2006 de 2.691 efectivos.




Con esta infraestrutura de medios materiais e humanos, o SERGAS pon en funcionamento un total de 7.453 camas para a atención hospitalaria e 207 quirófanos en 2009.






Segundo os datos facilitados pola xerencia do SERGAS o volume de servizos sanitarios prestados durante o ano 2010 ascendeu a 29.204.652 consultas (tanto en atención primaria, como consultas de atención especializada) e 102.663 intervencións cirúrxicas.


Na xestión dos recursos podemos destacar o índice de estada media que se sitúa no ano 2008 en 9 días, cunha tendencia a diminuír.




En canto aos custos medios do servizo, no que se refire á atención hospitalaria, os gastos correntes por cama en funcionamento ascenden a 231 mil euros.




No que atinxe á prestación farmacéutica, a poboación destinataria distribúese entre activos e pensionistas xa que logo o réxime de prestación é diferente. No ano 2009 os beneficiarios das prestacións farmacéuticas eran un total de 2.749.494 persoas, das que 851.535 (o 69%) eran pensionistas.



A evolución do custo das prestacións farmacéuticas varía atendendo á tipoloxía de beneficiario, sendo no 2009 un total de 788,5 millóns de euros o custo da prestación farmacéutica dos pensionistas, mentres que a dos activos acadou un total de 187,5 millóns de euros.



Se corriximos o efecto de disparidade de beneficiarios e analizamos o custo por persoa, amósase o diferencial entre o custo da prestación farmacéutica dos pensionistas respecto dos activos, existindo un diferencial de 827 euros. Este é un factor a ter en conta se atendemos á previsión de evolución da poboación de Galicia, derivada do envellecemento e sobreenvellecemento previsible.



Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe.


Outro dos principais obxectivos fixados polo goberno galego dentro do Eixe I, é o de garantir o acceso dos galegos e galegas á cultura e á educación en condicións de igualdade. Sendo este un dos obxectivos principais ao permitir acadar unha sociedade que

garanta un futuro próspero construído sobre a base do respecto mutuo e a innovación.


O acceso á educación garántese mediante dúas políticas claramente diferenciadas, por unha banda a prestación do servizo de ensino NON universitario, que pretende que todos os galegos acaden o nivel mínimo de ensino e de máxima calidade; e por outra o ensino universitario, que pretende configurar unha base social que garanta un crecemento económico e social baseándose nos principios de crecemento intelixente (fomento da I+D+i universitario), sustentable (respectuoso co medio natural) e integrador.

Ensino NON universitario


A prestación do ensino non universitario realízase tanto desde a iniciativa privada como dende a pública, porén o peso é maioritario do ensino público, do total dos 1.468 centros de ensino 1.168 son públicos representando o 80% da oferta.




No que ás matrículas se refire, e tomando os datos do curso 2011-2012, hai un total de 376.812 alumnos. No que se refire ao peso entre ensino público e privado, tomando o último dato publicado referido ao curso 2010-2011, o 73% dos estudantes están matriculados en centros de ensino público (272.875 alumnos), mentres que o 27% están matriculados en centros de ensino privado (100.010 alumnos).




Polo que se refire á relación entre profesor alumno, a ratio alumno/profesor sitúase nun nivel de 9,17 alumnos por profesor no ensino público, mentres que no privado esta ratio sitúase nos 12,79 alumnos por profesor.




En canto á estrutura do profesorado, para o curso 2010-2011 os profesores de ensino non universitario eran maioritariamente mulleres acadando o 68,4% dos mestres, mentres que os homes representaban o 31,6%.




En canto aos resultados obtidos polo sistema de ensino atopamos que no ano 2010 o 66,9% dos galegos de entre 20 e 24 anos completou o ensino secundario, esta cifra redúcese ata 48,9% no tramo de idade de 25 a 64 anos.



Pola incidencia que ten no futuro social, a análise por xénero dos galegos de 20 a 24 anos que acadaron completar o ensino secundario, amosa que as rapazas son as que acadan completar os seus estudos ao atoparse cun nivel de 74,7%, mentres que os rapaces están no 59,2%.




Como variable representativa, aceptada a nivel mundial, e medido pola UE, que mide a eficacia do ensino non universitario, temos a taxa de abandono escolar temperán, que está evolucionando de forma favorable nos últimos anos, pero que aínda é elevada en comparanza cos demais países do noso entorno.




Ensino universitario


O ensino universitario en Galicia realízase mediante as 3 universidades (Santiago, Coruña e Vigo), dando cobertura a un total de 64.700 estudantes matriculados no curso 2009-2010.



En canto ás preferencias dos estudantes, a distribución dos alumnos matriculados no curso 2009-2010, pon de manifesto que a meirande parte das matrículas están en titulacións vinculadas ás ciencias sociais e xurídicas representando o 47% das matrículas, seguidas das enxeñerías e arquitectura cun 27%.



A pesares de que o nº de alumnos diminuíu en máis de 30.000 alumnos nos últimos 10 anos, o sistema universitario, ademais da actividade docente para formar aos futuros titulados, tamén desenvolve actividade investigadora que se reflicte nun dato vinculado ao desenvolvemento tecnolóxico, as solicitudes de patentes por universidades públicas (43 no ano 2009) e que explican o incremento experimentado no número do profesorado.




Garantir unha atención global ás persoas en situación de dependencia impulsando a mellora dos servizos sociais

No que atinxe aos servizos a persoas maiores os últimos datos presentados pola Consellería de Traballo e Benestar amosan a capacidade das infraestruturas residenciais, ao existir 344 centros residenciais, cun total de 20.712 prazas dispoñibles, das que o 44,5% están financiadas directamente (titularidade pública) ou indirectamente (concertos) polas administracións públicas. O índice de prazas para atención ás persoas maiores por cada 1.000 habitantes reflicte o incremento de 3,5 puntos dende o ano 2007, situándose no ano 2010 en 12,52 prazas por cada 1.000 habitantes; o que pon de manifesto o esforzo de investimentos en infraestruturas sociais para maiores.

A distribución dos obxectivos estratéxicos neste eixe reflíctese na táboa e gráfica que se xunta:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	6.465.568.099	71,6 %	100,0 %
OE01 Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	31.586.454	0,3 %	0,5 %
OE02 Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas	3.511.686.968	38,9 %	54,3 %
OE03 Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	2.283.754.969	25,3 %	35,3 %
OE04 Atención ao benestar social	432.198.905	4,8 %	6,7 %
OE05 Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	206.340.803	2,3 %	3,2 %



As Fontes de financiamento do orzamento deste eixe estratéxico son:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida	6.465.568.099	
Orzamentos Xerais da C.A	6.277.712.580	97,09%
FCI	12.122.138	0,19%
FEDER	16.000.315	0,25%
FSE	19.128.871	0,30%
Orzamentos Xerais do Estado	138.637.364	2,14%
FEADER	535.308	0,01%
INTERREG	1.366.811	0,02%
OUTRAS INICIATIVAS	64.712	0,00%

III.1.1. OE 1. Revitalización demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral

Galicia atópase no ano 2020, de seguir as tendencias actuais, entre o terzo de rexións europeas que experimentarán un descenso de poboación, con graves repercusións negativas sobre o mercado laboral, o funcionamento dos sistemas de saúde e benestar, e da propia contorna natural.

A estrutura da poboación galega mostra contrastes entre as zonas predominantemente urbanas e o resto das comarcas que presentan un rumbo máis rural. A redución do desequilibrio demográfico, que é un dos grandes retos que Galicia afrontará ao longo das dúas próximas décadas, constitúese na prioridade estratéxica deste obxectivo.

Este obxectivo estratéxico representa o 0,5% do Eixe I, e do 0,3 % sobre o total do PEG, cun importe de 31,6 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M02 "Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da